




Datos do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas – SMBM	
Número expediente:	Documento:
 CON/29/2018	 CON12I1M2
63505N5G0M6W4P2D0Y4I	
	

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe proposta emitido polo xefe de sección de Contratación con data 7 de novembro de 2018, en relación coa adxudicación do contrato de obras de “Reforzo de rodadura nos viais do Polígono Río do Pozo”, en cumprimento do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no que se establece que:

“Visto que mediante resolución de alcaldía de data de 5 de setembro de 2018 se aprobou o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para a execución da obra denominada “Reforzo de rodadura nos viais do Polígono Río do Pozo”.

Visto que o día 13 de setembro de 2018 foi publicado un anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público co gallo de que os interesados presentasen as súas proposicións.

Visto que durante a licitación presentaron proposicións as seguintes empresas: Arias Infraestructuras, S.A., Canarga, S.L., Excavaciones Saavedra y López, S.L., Explotaciones Gallegas, S.L., Francisco Gómez y CIA, S.L., José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S.A., Lancer Proyectos y Obras, S.A., Obras y Saneamientos Galicia, S.L., Sociedad de Regeneración Medioambiental, S.L.

Visto que unha vez constituida a Mesa de Contratación, para o acto de apertura e de valoración da oferta dos criterios cuantificables automaticamente, o día 9 de outubro de 2018, e aberto o sobre electrónico, púidose comprobar que todas as empresas presentaron a documentación correctamente, polo que foron admitidas.

Unha vez aplicados os criterios de valoración, avaliados mediante fórmulas, establecidos no Prego de cláusulas administrativas particulares, resulta a seguinte puntuación:

Licitador/Criterio	Oferta económica	Ponderación: 60.0, Mínimo: 0.0, Máximo: 60.0 (puntos)	Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	Ponderación: 15.0, Mínimo: 0.0, Máximo: 15.0 (puntos)	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	Ponderación: 15.0, Mínimo: 0.0, Máximo: 15.0 (puntos)	Igualdade	Ponderación: 10.0, Mínimo: 0.0, Máximo: 10.0 (puntos)	Puntuación Total
EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L. - B15164106	89939.3	52.52	21,43	3.21	31,82	4.77	SI	10.0	70,50
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L. - B15009533	85386.64	57.42	10,85	1.63	45,36	6.8	NO	0.0	65,85
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. - B15410608	82986.64	60.0	44,44	6.66	69,23	10.38	NO	0.0	77,04
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. - B32211716	112921.85	10.42	100	15.0	33,33	5.0	NO	0.0	30,42
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. - A15008485	89319.6	53.17	16,67	2.5	60	9.0	SI	10.0	74,67
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A. - A70124201	87752.52	54.87	4,17	0.63	33,33	5.0	SI	10.0	70,50

Licitador/Criterio	Oferta económica	Ponderacion: 60.0, Mínimo: 0.0, Máximo: 60.0 (puntos)	Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	Ponderacion: 15.0, Mínimo: 0.0, Máximo: 15.0 (puntos)	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	Ponderacion: 15.0, Mínimo: 0.0, Máximo: 15.0 (puntos)	Igualdade	Ponderacion: 10.0, Mínimo: 0.0, Máximo: 10.0 (puntos)	Puntuación Total
JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A. - A15013162	99692.11	42.0	33,33	5.0	15	2.25	NO	0.0	49,25
CANARGA, S.L. - B15360902	105380.0	28.42	0	0.0	100	15.0	SI	10.0	53,42
SOCIEDAD DE REGENERACION MEDIOAMBIENTAL, S.L. - B70098751	92655.62	49.58	0	0.0	0	0.0	NO	0.0	49,58



Así mesmo, observouse que a empresa Explotaciones Gallegas S.L., que é a que acadou a maior puntuación, incorreu en oferta anormalmente baixa, polo que se lle outorgou un prazo de cinco días para a xustificación da súa proposta.

Visto que con data 19 de outubro de 2018, a técnica Dna. Ana Lamas Villar emitiu o informe correspondente, en relación á oferta anormalmente baixa, no que se admitiu a xustificación da oferta económica, e este foi ratificado pola Mesa de Contratación na sesión de 25 de outubro de 2018. Nesta mesma sesión propúxose a adxudicación á empresa Explotaciones Gallegas, S.L.

Visto que de conformidade co establecido no artigo 150 e a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, por resolución da alcaldía deste concello de data de 26 de outubro de 2018 acordouse clasificar as proposicións presentadas polos licitadores por orde decrecente, así como requirir á empresa Explotaciones Gallegas, S.L., con CIF B-15410608 para que presentase a documentación necesaria para a adxudicación segundo o disposto no prego administrativo e constituíse a garantía definitiva.

Visto que esa empresa presentou a garantía definitiva por importe de 3.429,20 euros e os documentos xustificativos esixidos.”

Por todo o exposto, e unha vez fiscalizado de conformidade o informe proposta de adxudicación polo departamento de Intervención de Fondos con data 7 de novembro de 2018 (IGA12I0GX), esta Alcaldía no exercicio das competencias outorgadas pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, vén **RESOLVER:**

PRIMEIRO. Adxudicar o contrato das obras denominadas “Reforzo de rodadura nos viais do Polígono Río do Pozo”, á empresa Explotaciones Gallegas, S.L., con CIF B-15410608, polo prezo de 68.584,00 euros máis 14.402,64 euros de IVE (21%), o que fai un total de 82.986,64 euros.



NARÓN

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto de 82.986,64 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0017.15320.61900 (código proxecto: 2018 2 00000 44) (RC: 220180007348).

TERCEIRO.- Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada. Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación, que conterá todos os datos esixidos pola lexislación vixente.

Consonte coa nova regulación na materia, os códigos que deberá conter a factura electrónica son os seguintes: **Oficina contable: LA0002628- Rexistro de Facturas; Órgano Xestor: L01150546-Concello de Narón; Unidade Tramitadora: LA0002340-Contratación.**

CUARTO. Notificar a presente resolución a todas as empresas presentadas, e ademais citar á empresa adxudicataria da obra, Explotaciones Gallegas, S.L , para a sinatura do contrato, que se deberá efectuar non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á recepción da notificación da presente resolución.

QUINTO.- Publicar a adxudicación do contrato da obra citada *na Plataforma de Contratación do Sector Público.*

SEXTO.- Designar responsable deste contrato ao arquitecto técnico municipal D. Alfonso Veiga García.

SÉTIMO. Nomear director de obras e coordinador de seguridade e saúde, aos técnicos designados pola empresa ARICALTEC, S.L., empresa adxudicataria do devandito servizo.

OITAVO.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346.3 do Texto Refundido da lei de contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro.

***Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)***